



Rogos e preguntas do pleno de maio de 2021

Preguntas formuladas por Dona María Elena Estévez Freire.

- 1. Que actuacións ten previsto levar a cabo o goberno na praia de Area de Bon, para solventar o problema da auga que discorre pola carretera, dificultando o paso dos peóns e dando unha mala imaxe nunha praia de Bandeira Azul? Ten previsto o goberno algunha alternativa de aparcadoiro público nesa praia para buscar unha solución a falla de aparcamentos ?**

O da auga é unha cuestión recorrente dende hai varios meses e a Alcaldía mañá mesmo poñerá en coñecemento do Seprona e a APLU este asunto para que adopte as medidas oportunos. Os verquidos que se producen na vía pública son ilegais, posto que nesa zona non hai rede de saneamento.

En canto aos aparcadoiros, tal como aconsellan dende Bandeira Azul, o Concello intenta fomentar o desprazamento en bicicleta, con aparcadoiros para estas, e o desprazamento andando, como por exemplo co pintado da senda peonil que se levou a cabo hai dous anos. Todo ten un límite. Todas as praias deste concello, en maior ou menos medida, contan con diferentes aparcadoiro, ben cerca da praia ou a unha certa distancia.

Preguntas formuladas por Dona Isolina Villanueva Reboiras.

- 1. En que consiste a rehabilitación do firme da rúa Johán Carballeira para que o seu custo sexa de 115.247,38 €. Acaso esa rúa está en tan mal estado?**

As obras recollidas no proxecto non se limitan á rehabilitación do firme da rúa, a pesar de que non está nas mellores condicións despois da instalación de dous colectores de pluviais que xunto ás obras da urbanización Massó, fixeron que baixase o nivel freático de toda a contorna . Entre outras partidas propónse a semaforización do cruce entre a rúa Johan Carballeira e a Pazos Fontenla para mellorar a seguridade viaria e solucionar o problema de retencións de tráfico existente no citado cruce. A semaforización implica, entre outros:

- Demolición e fresado do firme.
- Apertura de zanzas nos catro brazos do cruce para as canalizacións eléctricas propias do semáforo, execución de arquetas.
- Subministro e instalación de semáforos (8 unidades).
- Subministro e instalación de armario de regulación de tráfico electrónico.
- Instalación de espiras magnéticas.
- Instalación de tarxetas acústicas para invidentes con sensor BT ou de radiofrecuencia



- Cableado, operacións complementarias e posta en funcionamento
- Reposición de pavimentos
- Sinalización horizontal e vertical
- Fresado e pavimentado da rúa Johan Carballeira, incluíndo os pasos elevados.
- Pintado do vial.

Se vostede ten dúbidas, pode solicitar acceso ao proxecto no cal poderá verificar estas cuestións a través das fotografías e planos incluídos no mesmo.

2. Na última mesa de comercio abordouse o tema da venda de excedente agrario. Hai postos que venden o excedente do que colleitan, pero outros non. Tomouse algún tipo de medida ou controlado o excedente agrario?

O empregado do mercado coñece á perfección as condicións e produtos que se poden vender no mercado, debendo actuar como corresponde en caso de que non se cumpran ditas condicións.

3. O Concello ten identificado o propietario da parcela que está na rúa Santán nun estado lamentable? Requiríuselle a limpeza da devandita leira ao propietario? Por que o Concello non adopta unha solución á limpeza da parcela?

Dentro do gran número de expedientes destas características e a complexidade de identificar as persoas propietarias, intentaremos tomar as medidas oportunas, toda vez que, ao igual que noutras parcelas da contorna, houbo varios cambios de titularidade. Dito isto, somos conscientes de que o Concello ten que axilizar os procedementos administrativos para a limpeza de fincas tanto en solos urbanos como rústicos, e confiamos que coa incorporación o pasado novembro da Técnica de Administración Xeral no Departamento de Urbanismo iremos conseguíndoo.

4. Na praia de Loureiro seguen no mesmo sitio os restos de mobles dende o ano pasado. Teñen pensado algún tipo de actuación con respecto á limpeza e conservación dos areais de Bueu?

Os restos de madeira que estaban almacenados no areal de Loureiro xa se retiraron a comezos do mes de abril, recoñecendo que non foi posible quitálos antes. En canto ao resto de praias, tal e como vén sendo habitual, o Concello desenvolve un plan anual de arranxos e actuacións, que se acometen dentro das nosas posibilidades. De feito, a comezos do mes de marzo comezouse cunha limpeza dos areais e dos accesos aos mesmos.



POPULARES
de Bueu

Preguntas formuladas por Dona María del Carmen Núñez Rey.

- 1. Tedes pensado substituír os bancos da Banda do Río que se quitaron por estar en mal estado?**

Si, xa estamos en proceso de substitución e reparación de bancos nos diversos espazos públicos.

- 2. Xa se falou con FCC Aqualia pola estrada do cemiterio? Teño entendido que facía falta comentar algo dunha fianza.**

A día de hoxe podemos confirmar que a obra xa se está levando a cabo, comenzando a actuación cunha primeira fase no Camiño do Rabolongo.